# 1

# Demografía e territorio

A área funcional de Santiago está formada por dez comarcas: Muros, Noia, Barbanza, A Barcala, Xallas, O Sar, Santiago, Ordes, Terra de Melide e Arzúa (a súa situación pode consultarse no **mapa 1.1.**). Esta é unha das doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no "Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia", deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Este plan púxose en marcha en 1991 como unha experiencia, pioneira en Europa, para o deseño dun modelo rexional de desenvolvemento local.

O Plan de Desenvolvemento Comarcal pode definirse como un modelo global de desenvolvemento local, destinado a fixar as liñas básicas do desenvolvemento económico e a determinar as áreas produtivas prioritarias das comarcas, considerando a estes efectos tanto a capacidade do potencial endóxeno como a competitividade nos mercados dos produtos obtidos. Os seus precedentes teóricos están en estudos realizados anteriormente (desde 1983), publicados en revistas científicas ou en obras especializadas.

O **Mapa Comarcal de Galicia** define o ámbito de aplicación do devanditp Plan e ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na Lei de Desenvolvemento Comarcal, onde se di: "a aplicación formal e temporal do Plano de Desenvolvemento Comarcal concretarase nun Mapa Comarcal no que aparecerá a delimitación territorial das distintas comarcas".

O Mapa Comarcal está estruturado en 53 comarcas: 18 na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 12 en Ourense e 10 en Pontevedra. A esta organización territorial hai que engadir un decreto posterior que contempla a agrupación de comarcas en áreas funcionais, que coinciden coas áreas de influencia das cidades de Galicia (A Coruña, Santiago e Ferrol, na provincia da Coruña; Vigo e Pontevedra, na de Pontevedra; e as capitais nas provincias de Lugo e Ourense), para dar unha maior flexibilidade á organización territorial e adaptala aos novos requirimentos dos diferentes servizos administrativos, de xeito que, sexa cal fose a agrupación territorial que se faga con fins operativos, a unidade das comarcas permanece inalterábel.

Segundo o Decreto 335/1998, do 27 de novembro, polo que se regulan ás áreas funcionais, estas poden definirse como unha agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades de cada servizo ou función, configurando unha estrutura territorial supracomarcal complementaria para




**Mapa 1.1.**

favorece-la xestión coordinada da organización territorial e funcional de Galicia, mantendo sempre as comarcas como unidades territoriais básicas e de referencia.

Xeograficamente a área funcional de Santiago, composta, como se sinalou anteriormente, por dez comarcas, todas elas pertencentes á provincia de A Coruña, está localizada no noroeste da Comunidade Autónoma, acollendo a comarcas costeiras e do interior. Limita ao norte coa área funcional de A Coruña (coas cinco comarcas que a compoñen), ao leste coa área funcional de Lugo (coas comarcas de Lugo, a Ulloa e Terra Chá), ao sur coa área funcional de Lalín (coas súas dúas comarcas) e coa área funcional de Pontevedra (só coa comarca de Caldas), e, finalmente ao oeste limita co océano Atlántico, xa que esta área funcional acolle a tres comarcas costeiras: Muros, Noia e Barbanza.

*Territorio e poboación na área funcional de Santiago distribución segundo comarcas e concellos*

| | Superficie (en Km²) | Poboación 2005 | Densidade de poboación | Entidades singulares |
|---|---|---|---|---|
| **Comarca de Muros** | 143,8 | 15.239 | 106,0 | 112 |
| Carnota | 70,9 | 5.244 | 74,0 | 51 |
| Muros | 72,9 | 9.995 | 137,1 | 61 |
| **Comarca de Noia** | 325,1 | 36.370 | 111,9 | 480 |
| Lousame | 93,6 | 3.854 | 41,2 | 75 |
| Noia | 37,2 | 14.637 | 393,5 | 106 |
| Outes | 99,7 | 7.889 | 79,1 | 153 |
| Porto do Son | 94,6 | 9.990 | 105,6 | 146 |
| **Comarca de Ordes** | 754,7 | 38.396 | 50,9 | 687 |
| Cerceda | 110,9 | 5.500 | 49,6 | 52 |
| Frades | 81,7 | 2.871 | 35,1 | 77 |
| Mesía | 106,8 | 3.174 | 29,7 | 156 |
| Ordes | 157,3 | 12.272 | 78,0 | 225 |
| Oroso | 72,1 | 6.345 | 88,0 | 41 |
| Tordoia | 124,5 | 4.617 | 37,1 | 64 |
| Trazo | 101,4 | 3.617 | 35,7 | 72 |
| **Comarca de Santiago** | 689,5 | 152.842 | 221,7 | 872 |
| Ames | 80,0 | 22.228 | 277,9 | 116 |
| Boqueixón | 73,2 | 4.378 | 59,8 | 43 |
| Brión | 74,9 | 6.849 | 91,4 | 106 |
| Santiago | 220,6 | 92.919 | 421,2 | 238 |
| Teo | 79,3 | 16.809 | 212,0 | 139 |
| Val do Dubra | 108,7 | 4.605 | 42,4 | 99 |
| Vedra | 52,8 | 5.054 | 95,7 | 131 |
| **Comarca de O Sar** | 177,3 | 17.306 | 97,6 | 211 |
| Dobro | 36,1 | 3.122 | 86,5 | 26 |
| Padrón | 48,4 | 9.035 | 186,7 | 75 |
| Rois | 92,8 | 5.149 | 55,5 | 110 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 367,2 | 13.854 | 37,7 | 540 |
| Melide | 101,3 | 7.866 | 77,7 | 189 |
| Santiso | 67,4 | 2.160 | 32,0 | 100 |
| Sobrado | 120,6 | 2.316 | 19,2 | 161 |
| Toques | 77,9 | 1.512 | 19,4 | 90 |
| **Comarca de Xallas** | 391,0 | 16.171 | 41,4 | 231 |
| Mazaricos | 187,3 | 5.488 | 29,3 | 96 |
| Santa Comba | 203,7 | 10.683 | 52,4 | 135 |
| **Comarca de A Barcala** | 213,1 | 11.321 | 53,1 | 192 |
| A Baña | 98,0 | 4.802 | 49,0 | 103 |
| Negreira | 115,1 | 6.519 | 56,6 | 89 |
| **Comarca do Barbanza** | 246,8 | 66.832 | 270,8 | 386 |
| Boiro | 86,6 | 18.469 | 213,3 | 115 |
| Pobra do Caramiñal | 32,4 | 9.951 | 307,1 | 101 |
| Rianxo | 58,8 | 11.528 | 196,1 | 89 |
| Ribeira | 69,0 | 26.884 | 389,6 | 81 |
| **Comarca de Arzúa** | 485,0 | 18.496 | 38,1 | 582 |
| Arzúa | 155,4 | 6.602 | 42,5 | 246 |
| Boimorto | 82,4 | 2.461 | 29,9 | 115 |
| O Pino | 131,9 | 4.901 | 37,2 | 82 |
| Touro | 115,3 | 4.532 | 39,3 | 139 |
| **Área funcional de Santiago** | 3.793,5 | 386.827 | 102,0 | 4.293 |
| **Provincia A Coruña** | 7.950,4 | 1.126.707 | 141,7 | 10.318 |
| **Galicia** | 29.574,4 | 2.762.198 | 93,4 | 29.995 |

Fonte: *IGE,Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2004, Xunta, Mapa comarcal de Galicia* e *INE*

**Cadro 1.1.**

Esta área funcional está composta por 39 concellos, sendo, despois da área funcional de Ourense, a que presenta un maior número de concellos das 12 áreas funcionais galegas, e acollendo, por outra banda, o 41,5% dos concellos totais da provincia de A Coruña (94 concellos).

Tal como se mostra no **cadro 1.1.**, a área funcional de Santiago ten unha extensión de 3.793,5 km$^2$, o que representa o 47,7% da superficie total da provincia de A Coruña e o 12,8% da superficie total de Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro da área funcional, as comarcas de Ordes e Santiago, con 754,7 km$^2$ e 689,5 km$^2$, respectivamente, son as máis extensas. A comarca de Noia é a máis extensa das tres comarcas costeiras da área funcional, aínda que dentro das dez comarcas de Santiago ocupa o sexto lugar por extensión. A nivel municipal destacan pola súa extensión fronte aos restantes concellos, os de Santiago e Santa Comba, con 220 km$^2$ e 203 km$^2$, respectivamente.

A área funcional de Santiago está composta por 4.293 entidades singulares de poboación. Estas defínense como calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada do mesmo, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Unha área considérase habitable cando existen na mesma vivendas habitadas ou en condicións de selo e considérase claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes á mesma poden identificarse perfectamente sobre o terreo e o conxunto das mesmas coñécese por unha denominación. As devanditas 4.293 entidades representan o 41,6% das existentes no conxunto da provincia de A Coruña e o 14,3% das existentes na Comunidade Autónoma. A nivel comarcal, Santiago é a que acolle a un maior número de entidades singulares de poboación, con 872, seguida de Ordes e Arzúa, con 687 e 582 entidades singulares, respectivamente.

En termos poboacionais, o citado **cadro 1.1.** mostra a poboación existente nos concellos e comarcas da área funcional en xaneiro do ano 2005, segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes. Os datos sinalados reflicten que o conxunto da área funcional na citada data contaba cunha poboación de 386.827 habitantes, polo que o 34,3% da poboación total da provincia de A Coruña reside na área funcional de Santiago, así como o 14% da poboación galega total a un de xaneiro de 2005.

Das dez comarcas que compoñen a área funcional, a máis poboada é a de Santiago, con 152.842 habitantes, seguida da comarca do Barbanza, con 66.832 habitantes. Case seis de cada dez habitantes desta área residen nestas dúas comarcas.

O perfil xeral da pirámide poboacional a un de xaneiro de 2005 mostra unha figura cun centro de gravidade medio, situado na franxa de idade entre 25 e 29 anos. A forma xeométrica da pirámide poboacional indica unha poboación de idade media con tendencia ao envellecemento, basicamente pola escaseza de poboación menor de 25 anos. Neste senso, a poboación maior de 70 anos na área funcional de Santiago é un 21% superior á poboación menor de 14 anos (**gráfico 1.1.**).

A nivel comarcal, a análise destas pirámides (**anexo 1**) reflicte como os elevados rateos de poboación das comarcas de Santiago, fundamentalmente, e do Barbanza, fan que a pirámide de poboación do conxunto da área funcional recolla as características fundamentais da poboación residente nestas dúas comarcas. Pola contra, a poboación das oito restantes comarcas da área funcional configura pirámides de poboación con centros de gravidade máis elevados e xeometricamente máis circulares, o que reflicte a existencia dunha poboación envellecida.

Dende outro punto de vista, o **cadro 1.2.** mostra a evolución da poboación a nivel comarcal e municipal na área funcional de Santiago entre 1998 e 2005. Neste período, no conxunto da área funcional analizada prodúcese un incremento da poboación de 2.216 individuos, o que supón unha taxa de crecemento do 0,58%. Non obstante, esta medra da poboación non é homoxénea e común a toda a área funcional, senón que está fortemente localizada nalgúns concellos da zona de influencia de Santiago e

***Pirámide de poboación da área funcional de Santiago***




Fonte: *IGE. Cifras Oficiais de Poboación a 1 de xaneiro de 2005*

**Gráfico 1.1.**

nos concellos costeiros de Noia, Ribeira e Boiro. Neste senso, destaca que o 56,8% da poboación total da área funcional pertence ás comarcas de Santiago e Barbanza; así como que o 45,3% da poboación total da área funcional reside nos concellos de Santiago, Ribeira, Ames, Boiro e Noia.

Cómpre salientar as taxas de crecemento da poboación de concellos como Ames (56,6%), Oroso (34,1%) ou Teo (20,4%), motivadas, en parte, polo incremento do prezo da vivenda no concello de Santiago. O prezo medio do metro cadrado construído de vivenda nova nesta cidade experimentou un crecemento do 97,7% no período 1987-2000, segundo datos do Ministerio de Fomento, situándose no ano 2000 ao redor dos 1.000 euros/m$^2$ construído, fronte aos concellos de Ames, Oroso ou Teo, entre outros, nos que o prezo do metro cadrado construído de vivenda nova oscila entre 600 e 900 euros. O menor prezo da vivenda, unido á proximidade xeográfica, favorece o traslado da poboación cara estes concellos limítrofes.

Fronte aos incrementos de poboación dos concellos citados, o 77% dos 39 concellos que compoñen a área funcional de Santiago perden poboación no período 1998-2005, destacando concellos como Mazaricos ou A Baña, con reducións poboacionais do 17% e 13%, respectivamente, e concellos como Carnota, Lousame, Outes, Tordoia, Sobrado ou Touro, con perdas de poboación de aproximadamente o 11%.

No que respecta á densidade de poboación, o conxunta da área funcional presenta 102 habitantes por km$^2$, fronte á densidade media galega que é de 93,4 h/km$^2$, e por debaixo da densidade media da provincia de A Coruña que nesa data era de 141,7 h/km$^2$. O feito de que a área funcional de Santiago estea integrada por comarcas costeiras e interiores, así como pola comarca de Santiago, e, en concreto, polo concello de Santiago de Compostela, fai que existan grandes diferenzas canto a densidades poboacionais dentro da área funcional. Fronte as elevadas densidades rexistradas nas comarcas de Santiago e Barbanza, con máis de 220 habitantes por quilómetro cadrado, nas comarcas de Arzúa, Terra de Melide e Xallas, a densidade sitúase en torno aos 40 h/km$^2$ e nas de Ordes e A Barcala supera lixeiramente os 50 h/km$^2$.

O concello de Santiago é o que presenta unha maior densidade de poboación de toda a área funcional, con 421,2 h/km$^2$, mentres os concellos costeiros de Noia, Ribeira ou Pobra do Caramiñal rexistran

Cadro 1.2.

*Poboación 1998-2005: principais datos*

| | 1998 | | | 2005 | | | Índice de feminidade 1998 | Índice de feminidade 2005 | Variación poboación 1998-2005 | Taxa incremento poboación 1998-2005 | Densidade poboación 1998 | Densidade poboación 2005 | Extensión km2 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | | | | (%) | | | |
| **Área funcional de Santiago** | 384.611 | 185.797 | 198.814 | 386.827 | 186.457 | 200.370 | 1,07 | 1,07 | 2216 | 0,58 | 101,39 | 101,97 | 3794 |
| **Comarca de Muros** | 16.785 | 8.053 | 8.732 | 15.239 | 7.361 | 7.878 | 1,08 | 1,07 | -1546 | -9,21 | 116,72 | 105,97 | 144 |
| **Carnota** | 5.930 | 2.859 | 3.071 | 5.244 | 2.524 | 2.720 | 1,07 | 1,08 | -686 | -11,57 | 83,64 | 73,96 | 71 |
| **Muros** | 10.855 | 5.194 | 5.661 | 9.995 | 4.837 | 5.158 | 1,09 | 1,07 | -860 | -7,92 | 148,90 | 137,11 | 73 |
| **Comarca de Noia** | 38.166 | 18.408 | 19.758 | 36.370 | 17.496 | 18.874 | 1,07 | 1,08 | -1796 | -4,71 | 117,40 | 111,87 | 325 |
| **Lousame** | 4.329 | 2.091 | 2.238 | 3.854 | 1.837 | 2.017 | 1,07 | 1,10 | -475 | -10,97 | 46,25 | 41,18 | 94 |
| **Noia** | 14.473 | 6.933 | 7.540 | 14.637 | 6.967 | 7.670 | 1,09 | 1,10 | 164 | 1,13 | 389,06 | 393,47 | 37 |
| **Outes** | 8.948 | 4.281 | 4.667 | 7.889 | 3.774 | 4.115 | 1,09 | 1,09 | -1059 | -11,84 | 89,75 | 79,13 | 100 |
| **Porto do Son** | 10.416 | 5.103 | 5.313 | 9.990 | 4.918 | 5.072 | 1,04 | 1,03 | -426 | -4,09 | 110,11 | 105,60 | 95 |
| **Comarca de Ordes** | 38.007 | 18.628 | 19.379 | 38.396 | 18.786 | 19.610 | 1,04 | 1,04 | 389 | 1,02 | 50,36 | 50,88 | 755 |
| **Cerceda** | 5.658 | 2.763 | 2.895 | 5.500 | 2.663 | 2.837 | 1,05 | 1,07 | -158 | -2,79 | 51,02 | 49,59 | 111 |
| **Frades** | 3.150 | 1.583 | 1.567 | 2.871 | 1.429 | 1.442 | 0,99 | 1,01 | -279 | -8,86 | 38,56 | 35,14 | 82 |
| **Mesía** | 3.489 | 1.739 | 1.750 | 3.174 | 1.600 | 1.574 | 1,01 | 0,98 | -315 | -9,03 | 32,67 | 29,72 | 107 |
| **Ordes** | 11.861 | 5.782 | 6.079 | 12.272 | 5.965 | 6.307 | 1,05 | 1,06 | 411 | 3,47 | 75,40 | 78,02 | 157 |
| **Oroso** | 4.732 | 2.333 | 2.399 | 6.345 | 3.142 | 3.203 | 1,03 | 1,02 | 1613 | 34,09 | 65,63 | 88,00 | 72 |
| **Tordoia** | 5.205 | 2.495 | 2.710 | 4.617 | 2.203 | 2.414 | 1,09 | 1,10 | -588 | -11,30 | 41,81 | 37,08 | 125 |
| **Trazo** | 3.912 | 1.933 | 1.979 | 3.617 | 1.784 | 1.833 | 1,02 | 1,03 | -295 | -7,54 | 38,58 | 35,67 | 101 |
| **Comarca de Santiago** | 142.475 | 67.729 | 74.746 | 152.842 | 72.587 | 80.255 | 1,10 | 1,11 | 10367 | 7,28 | 206,64 | 221,67 | 690 |
| **Ames** | 14.189 | 6.868 | 7.321 | 22.228 | 10.785 | 11.443 | 1,07 | 1,06 | 8039 | 56,66 | 177,36 | 277,85 | 80 |
| **Boqueixón** | 4.275 | 2.108 | 2.167 | 4.378 | 2.154 | 2.224 | 1,03 | 1,03 | 103 | 2,41 | 58,40 | 59,81 | 73 |
| **Brión** | 6.275 | 3.014 | 3.261 | 6.849 | 3.309 | 3.540 | 1,08 | 1,07 | 574 | 9,15 | 83,78 | 91,44 | 75 |
| **Santiago** | 93.584 | 43.972 | 49.612 | 92.919 | 43.455 | 49.464 | 1,13 | 1,14 | -665 | -0,71 | 424,22 | 421,21 | 221 |
| **Teo** | 13.960 | 6.827 | 7.133 | 16.809 | 8.237 | 8.572 | 1,04 | 1,04 | 2849 | 20,41 | 176,04 | 211,97 | 79 |
| **Val do Dubra** | 5.091 | 2.494 | 2.597 | 4.605 | 2.225 | 2.380 | 1,04 | 1,07 | -486 | -9,55 | 46,84 | 42,36 | 109 |
| **Vedra** | 5.101 | 2.446 | 2.655 | 5.054 | 2.422 | 2.632 | 1,09 | 1,09 | -47 | -0,92 | 96,61 | 95,72 | 53 |
| **Comarca de O Sar** | 18.156 | 8.739 | 9.417 | 17.306 | 8.294 | 9.012 | 1,08 | 1,09 | -850 | -4,68 | 102,40 | 97,61 | 177 |
| **Dobro** | 3.313 | 1.606 | 1.707 | 3.122 | 1.522 | 1.600 | 1,06 | 1,05 | -191 | -5,77 | 91,77 | 86,48 | 36 |
| **Padrón** | 9.548 | 4.592 | 4.956 | 9.035 | 4.327 | 4.708 | 1,08 | 1,09 | -513 | -5,37 | 197,27 | 186,67 | 48 |
| **Rois** | 5.295 | 2.541 | 2.754 | 5.149 | 2.445 | 2.704 | 1,08 | 1,11 | -146 | -2,76 | 57,06 | 55,48 | 93 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 15.035 | 7.569 | 7.466 | 13.854 | 6.898 | 6.956 | 0,99 | 1,01 | -1181 | -7,86 | 40,94 | 37,73 | 367 |
| **Melide** | 8.439 | 4.167 | 4.272 | 7.866 | 3.838 | 4.028 | 1,03 | 1,05 | -573 | -6,79 | 83,31 | 77,65 | 101 |
| **Santiso** | 2.319 | 1.192 | 1.127 | 2.160 | 1.109 | 1.051 | 0,95 | 0,95 | -159 | -6,86 | 34,41 | 32,05 | 67 |
| **Sobrado** | 2.609 | 1.344 | 1.265 | 2.316 | 1.165 | 1.151 | 0,94 | 0,99 | -293 | -11,23 | 21,63 | 19,20 | 121 |
| **Toques** | 1.668 | 866 | 802 | 1.512 | 786 | 726 | 0,93 | 0,92 | -156 | -9,35 | 21,41 | 19,41 | 78 |
| **Comarca de Xallas** | 17.608 | 8.626 | 8.982 | 16.171 | 7.837 | 8.334 | 1,04 | 1,06 | -1437 | -8,16 | 45,03 | 41,36 | 391 |
| **Mazaricos** | 6.648 | 3.226 | 3.422 | 5.488 | 2.636 | 2.852 | 1,06 | 1,08 | -1160 | -17,45 | 35,49 | 29,30 | 187 |
| **Santa Comba** | 10.960 | 5.400 | 5.560 | 10.683 | 5.201 | 5.482 | 1,03 | 1,05 | -277 | -2,53 | 53,80 | 52,44 | 204 |
| **Comarca de A Barcala** | 12.173 | 5.834 | 6.339 | 11.321 | 5.430 | 5.891 | 1,09 | 1,08 | -852 | -7,00 | 57,12 | 53,13 | 213 |
| **A Baña** | 5.578 | 2.681 | 2.897 | 4.802 | 2.309 | 2.493 | 1,08 | 1,08 | -776 | -13,91 | 56,92 | 49,00 | 98 |
| **Negreira** | 6.595 | 3.153 | 3.442 | 6.519 | 3.121 | 3.398 | 1,09 | 1,09 | -76 | -1,15 | 57,30 | 56,64 | 115 |
| **Comarca do Barbanza** | 66.487 | 32.459 | 34.028 | 66.832 | 32.633 | 34.199 | 1,05 | 1,05 | 345 | 0,52 | 269,40 | 270,79 | 247 |
| **Boiro** | 17.845 | 8.671 | 9.174 | 18.469 | 8.938 | 9.531 | 1,06 | 1,07 | 624 | 3,50 | 206,06 | 213,27 | 87 |
| **Pobra do Caramiñal** | 10.082 | 4.822 | 5.260 | 9.951 | 4.782 | 5.169 | 1,09 | 1,08 | -131 | -1,30 | 311,17 | 307,13 | 32 |
| **Rianxo** | 12.147 | 5.949 | 6.198 | 11.528 | 5.629 | 5.899 | 1,04 | 1,05 | -619 | -5,10 | 206,58 | 196,05 | 59 |
| **Ribeira** | 26.413 | 13.017 | 13.396 | 26.884 | 13.284 | 13.600 | 1,03 | 1,02 | 471 | 1,78 | 382,80 | 389,62 | 69 |
| **Comarca de Arzúa** | 19.719 | 9.752 | 9.967 | 18.496 | 9.135 | 9.361 | 1,02 | 1,02 | -1223 | -6,20 | 40,66 | 38,14 | 485 |
| **Arzúa** | 6.947 | 3.409 | 3.538 | 6.602 | 3.241 | 3.361 | 1,04 | 1,04 | -345 | -4,97 | 44,70 | 42,48 | 155 |
| **Boimorto** | 2.691 | 1.355 | 1.336 | 2.461 | 1.238 | 1.223 | 0,99 | 0,99 | -230 | -8,55 | 32,66 | 29,87 | 82 |
| **O Pino** | 5.004 | 2.495 | 2.509 | 4.901 | 2.419 | 2.482 | 1,01 | 1,03 | -103 | -2,06 | 37,94 | 37,16 | 132 |
| **Touro** | 5.077 | 2.493 | 2.584 | 4.532 | 2.237 | 2.295 | 1,04 | 1,03 | -545 | -10,73 | 44,03 | 39,31 | 115 |
| **Total Provincia A Coruña** | 1.106.325 | 531.769 | 574.556 | 1.126.707 | 541.189 | 585.518 | 1,08 | 1,08 | 20382 | 1,84 | 139,15 | 141,72 | 7950 |
| **Total Galicia** | 2.724.544 | 1.310.415 | 1.414.129 | 2.762.198 | 1.330.703 | 1.431.495 | 1,08 | 1,08 | 37654 | 1,38 | 92,13 | 93,40 | 29574 |

Fonte: *IGE,Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2005*

### *Movemento natural da poboación 2000-04*

| | 2000 | | | 2004 | | | 2004/00 (%) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo |
| **Área funcional de Santiago** | 2.803 | 3.473 | -670 | 2.951 | 3.588 | -637 | 5,02 | 3,21 | -5,18 |
| **Comarca de Muros** | 86 | 173 | -87 | 87 | 158 | -71 | 1,15 | -9,49 | -22,54 |
| Carnota | 19 | 71 | -52 | 30 | 62 | -32 | 36,67 | -14,52 | -62,50 |
| Muros | 67 | 102 | -35 | 57 | 96 | -39 | -17,54 | -6,25 | 10,26 |
| **Comarca de Noia** | 287 | 400 | -113 | 265 | 416 | -151 | -8,30 | 3,85 | 25,17 |
| Lousame | 27 | 48 | -21 | 16 | 68 | -52 | -68,75 | 29,41 | 59,62 |
| Noia | 127 | 147 | -20 | 116 | 127 | -11 | -9,48 | -15,75 | -81,82 |
| Outes | 43 | 106 | -63 | 42 | 106 | -64 | -2,38 | 0,00 | 1,56 |
| Porto do Son | 90 | 99 | -9 | 91 | 115 | -24 | 1,10 | 13,91 | 62,50 |
| **Comarca de Ordes** | 236 | 404 | -168 | 268 | 366 | -98 | 11,94 | -10,38 | -71,43 |
| Cerceda | 24 | 65 | -41 | 31 | 75 | -44 | 22,58 | 13,33 | 6,82 |
| Frades | 13 | 34 | -21 | 12 | 29 | -17 | -8,33 | -17,24 | -23,53 |
| Mesía | 22 | 45 | -23 | 18 | 31 | -13 | -22,22 | -45,16 | -76,92 |
| Ordes | 89 | 114 | -25 | 91 | 130 | -39 | 2,20 | 12,31 | 35,90 |
| Oroso | 56 | 43 | 13 | 82 | 36 | 46 | 31,71 | -19,44 | 71,74 |
| Tordoia | 20 | 57 | -37 | 11 | 32 | -21 | -81,82 | -78,13 | -76,19 |
| Trazo | 12 | 46 | -34 | 23 | 33 | -10 | 47,83 | -39,39 | -240,00 |
| **Comarca de Santiago** | 1.235 | 1.216 | 19 | 1.317 | 1.211 | 106 | 6,23 | -0,41 | 82,08 |
| Ames | 237 | 105 | 132 | 302 | 119 | 183 | 21,52 | 11,76 | 27,87 |
| Boqueixón | 29 | 53 | -24 | 18 | 44 | -26 | -61,11 | -20,45 | 7,69 |
| Brión | 41 | 76 | -35 | 70 | 62 | 8 | 41,43 | -22,58 | 537,50 |
| Santiago | 730 | 742 | -12 | 723 | 742 | -19 | -0,97 | 0,00 | 36,84 |
| Teo | 145 | 123 | 22 | 139 | 133 | 6 | -4,32 | 7,52 | -266,67 |
| Val do Dubra | 29 | 64 | -35 | 22 | 49 | -27 | -31,82 | -30,61 | -29,63 |
| Vedra | 24 | 53 | -29 | 43 | 62 | -19 | 44,19 | 14,52 | -52,63 |
| **Comarca de O Sar** | 120 | 156 | -36 | 128 | 174 | -46 | 6,25 | 10,34 | 21,74 |
| Dobro | 27 | 35 | -8 | 18 | 41 | -23 | -50,00 | 14,63 | 65,22 |
| Padrón | 66 | 62 | 4 | 68 | 86 | -18 | 2,94 | 27,91 | 122,22 |
| Rois | 27 | 59 | -32 | 42 | 47 | -5 | 35,71 | -25,53 | -540,00 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 70 | 165 | -95 | 86 | 179 | -93 | 18,60 | 7,82 | -2,15 |
| Melide | 39 | 84 | -45 | 56 | 95 | -39 | 30,36 | 11,58 | -15,38 |
| Santiso | 10 | 30 | -20 | 10 | 32 | -22 | 0,00 | 6,25 | 9,09 |
| Sobrado | 10 | 34 | -24 | 12 | 37 | -25 | 16,67 | 8,11 | 4,00 |
| Toques | 11 | 17 | -6 | 8 | 15 | -7 | -37,50 | -13,33 | 14,29 |
| **Comarca de Xallas** | 96 | 175 | -79 | 77 | 208 | -131 | -24,68 | 15,87 | 39,69 |
| Mazaricos | 37 | 71 | -34 | 25 | 68 | -43 | -48,00 | -4,41 | 20,93 |
| Santa Comba | 59 | 104 | -45 | 52 | 140 | -88 | -13,46 | 25,71 | 48,86 |
| **Comarca de A Barcala** | 59 | 149 | -90 | 57 | 136 | -79 | -3,51 | -9,56 | -13,92 |
| A Baña | 21 | 72 | -51 | 20 | 55 | -35 | -5,00 | -30,91 | -45,71 |
| Negreira | 38 | 77 | -39 | 37 | 81 | -44 | -2,70 | 4,94 | 11,36 |
| **Comarca do Barbanza** | 573 | 560 | 13 | 627 | 639 | -12 | 8,61 | 12,36 | 208,33 |
| Boiro | 160 | 143 | 17 | 174 | 156 | 18 | 8,05 | 8,33 | 5,56 |
| Pobra do Caramiñal | 80 | 89 | -9 | 71 | 94 | -23 | -12,68 | 5,32 | 60,87 |
| Rianxo | 94 | 100 | -6 | 104 | 108 | -4 | 9,62 | 7,41 | -50,00 |
| Ribeira | 239 | 228 | 11 | 278 | 281 | -3 | 14,03 | 18,86 | 466,67 |
| **Comarca de Arzúa** | 100 | 224 | -124 | 96 | 237 | -141 | -4,17 | 5,49 | 12,06 |
| Arzúa | 39 | 84 | -45 | 40 | 71 | -31 | 2,50 | -18,31 | -45,16 |
| Boimorto | 6 | 42 | -36 | 10 | 50 | -40 | 40,00 | 16,00 | 10,00 |
| O Pino | 23 | 50 | -27 | 28 | 59 | -31 | 17,86 | 15,25 | 12,90 |
| Touro | 32 | 48 | -16 | 18 | 57 | -39 | -77,78 | 15,79 | 58,97 |
| **Total Provincia A Coruña** | 7.943 | 11.028 | -3085 | 8.546 | 11.292 | -2746 | 7,06 | 2,34 | -12,35 |
| **Total Galicia** | 19.418 | 28.858 | -9440 | 20.621 | 28.540 | -7919 | 5,83 | -1,11 | -19,21 |

Fonte: *IGE*

**Cadro 1.3.**

una densidade de poboación de 393,47 h/km$^2$, 389,62 h/km$^2$ e 307,13 h/km$^2$, respectivamente.

Fronte ás sinaladas densidades de poboación superiores aos 300 h/km$^2$, sitúanse concellos como Sobrado ou Toques, que non acadan os 20 h/km$^2$, ou Mesía, Mazaricos e Boimorto, con menos de 30 habitantes por quilómetro cadrado. A existencia dentro da área funcional de 6 comarcas que non acadan os 100 h/km$^2$ repercute en que a densidade de poboación media da área funcional de Santiago (101,91 h/km$^2$) sexa un 28% inferior á densidade media da provincia de A Coruña (141,72 h/km$^2$).

En canto á variación que se produce no total de poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, entendido como a diferenza entre os nacementos e as defuncións, o Instituto Galego de Estatística recolle os datos para o ano 2004 que compararemos cos datos do ano 2000. A nivel comarcal dentro da área funcional obxecto de análise, só Santiago presenta un saldo vexetativo positivo no ano 2004, mentres que a nivel municipal no conxunto da área funcional, únicamente os concellos de Oroso, Ames, Brión e Boiro presentan saldos positivos, destacando os concellos de Ames con un saldo vexetativo no ano 2004 de 183 individuos. No **anexo 1** pode observarse como a pirámide de poboación do concello de Ames explica en certo modo o citado saldo positivo, situándose o 41% da poboación do concello en idades comprendidas entre 29 e 44 anos (**cadro 1.3.**).

No conxunto da área funcional de Santiago, no ano 2005 rexistráronse un total de 2.951 nacementos, un 5% máis que no ano 2000, e 3.588 defuncións, un 3,2% máis que no ano 2000, pasando o saldo vexetativo de –670 individuos no ano 2000 a –637 no ano 2004, o que supón unha redución do 5,2%

Continuando coa análise poboacional, resulta de interese analiza-la concentración ou dispersión da poboación no conxunto da área funcional. Ao non existir na literatura ningún indicador ou datos poboacionais de unidades inferiores aos municipios, óptase por agrupa-la poboación segundo residan en concellos de menos de 2.000 habitantes, en concellos entre 2.000 e 5.000 habitantes, entre 5.000 e 10.000 habitantes, entre 10.000 e 20.000 habitantes, entre 20.000 e 50.000 habitantes e entre 50.000 e 100.000 habitantes. O **cadro 1.4.** mostra os datos da poboación residente nos 39 concellos da área funcional a un de xaneiro de 2005, agrupados en función do número de habitantes segundo este criterio.

Tan só o concello de Toques, na comarca da Terra de Melide, ten menos de 2.000 habitantes. As 1.512 persoas que residen neste municipio representan o 0,4% da poboación total da área funcional e o 10,5% da poboación da Terra de Melide.

No que respecta ao volume de poboación da área funcional residente en concellos de entre 2.000 e 5.000 habitantes, 14 dos 39 concellos que compoñen a área funcional están situados nesta franxa de poboación, de xeito que o 13,3% da poboación total da área funcional reside en concellos de máis de 2.000 e de menos de 5.000 habitantes. Dos 51.410 individuos que viven en concellos desta franxa de habitantes na área funcional, 11.894, o que supón o 23%, reside na comarca de Arzúa, onde catro dos cinco concellos que integran esta comarca están nesta franxa de habitantes.

Tanto por porcentaxe de poboación residente como por número de concellos, a franxa de habitantes máis importante na área funcional é a que comprende aos concellos cunha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes. Nos 15 concellos desta franxa de poboación residen 107.476 persoas, o 27,8% da poboación total da área funcional a un de xaneiro de 2005. Entre estes 15 concellos, destacan catro que están moi próximos ao límite máximo, con máis de 9.000 habitantes.

Nos seis concellos que por volume de poboación se sitúan entre 10.000 e 20.000 habitantes residen 84.398 individuos, o que supón o 21,8% da poboación total da área funcional a un de xaneiro de 2005. Salientan concellos como Boiro, con máis de 18.000 habitantes, ou Teo, con máis de 16.000.

Na franxa de poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes só existen dous concellos, Ames e

Cadro 1.4.

*Poboación nos concellos 2005: distribución segundo tramos de número de habitantes*

| | < 2.000 hab | 2.000 > hab > 5.000 | 5.000 > hab > 10.000 | 10.000 > hab > 20.000 | 20.000 > hab > 50.000 | 50.000 > hab > 100.000 | > 100.000 hab. | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 1.512 | 51.410 | 107.476 | 84.398 | 49.112 | 92.919 | - | 386.827 |
| **Comarca de Muros** | - | - | 15.239 | - | - | - | - | 15.239 |
| Carnota | | | 5.244 | | | | | 5.244 |
| Muros | | | 9.995 | | | | | 9.995 |
| **Comarca de Noia** | - | 3.854 | 17.879 | 14.637 | - | - | - | 36.370 |
| Lousame | | 3.854 | | | | | | 3.854 |
| Noia | | | | 14.637 | | | | 14.637 |
| Outes | | | 7.889 | | | | | 7.889 |
| Porto do Son | | | 9.990 | | | | | 9.990 |
| **Comarca de Ordes** | - | 14.279 | 11.845 | 12.272 | - | - | - | 38.396 |
| Cerceda | | | 5.500 | | | | | 5.500 |
| Frades | | 2.871 | | | | | | 2.871 |
| Mesía | | 3.174 | | | | | | 3.174 |
| Ordes | | | | 12.272 | | | | 12.272 |
| Oroso | | | 6.345 | | | | | 6.345 |
| Tordoia | | 4.617 | | | | | | 4.617 |
| Trazo | | 3.617 | | | | | | 3.617 |
| **Comarca de Santiago** | - | 8.983 | 11.903 | 16.809 | 22.228 | 92.919 | - | 152.842 |
| Ames | | | | | 22.228 | | | 22.228 |
| Boqueixón | | 4.378 | | | | | | 4.378 |
| Brión | | | 6.849 | | | | | 6.849 |
| Santiago | | | | | | 92.919 | | 92.919 |
| Teo | | | | 16.809 | | | | 16.809 |
| Val do Dubra | | 4.605 | | | | | | 4.605 |
| Vedra | | | 5.054 | | | | | 5.054 |
| **Comarca de O Sar** | - | 3.122 | 14.184 | - | - | - | - | 17.306 |
| Dobro | | 3.122 | | | | | | 3.122 |
| Padrón | | | 9.035 | | | | | 9.035 |
| Rois | | | 5.149 | | | | | 5.149 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 1.512 | 4.476 | 7.866 | - | - | - | - | 13.854 |
| Melide | | | 7.866 | | | | | 7.866 |
| Santiso | | 2.160 | | | | | | 2.160 |
| Sobrado | | 2.316 | | | | | | 2.316 |
| Toques | 1.512 | | | | | | | 1.512 |
| **Comarca de Xallas** | - | - | 5.488 | 10.683 | - | - | - | 16.171 |
| Mazaricos | | | 5.488 | | | | | 5.488 |
| Santa Comba | | | | 10.683 | | | | 10.683 |
| **Comarca de A Barcala** | - | 4.802 | 6.519 | - | - | - | - | 11.321 |
| A Baña | | 4.802 | | | | | | 4.802 |
| Negreira | | | 6.519 | | | | | 6.519 |
| **Comarca do Barbanza** | - | - | 9.951 | 29.997 | 26.884 | - | - | 66.832 |
| Boiro | | | | 18.469 | | | | 18.469 |
| Pobra do Caramiñal | | | 9.951 | | | | | 9.951 |
| Rianxo | | | | 11.528 | | | | 11.528 |
| Ribeira | | | | | 26.884 | | | 26.884 |
| **Comarca de Arzúa** | - | 11.894 | 6.602 | - | - | - | - | 18.496 |
| Arzúa | | | 6.602 | | | | | 6.602 |
| Boimorto | | 2.461 | | | | | | 2.461 |
| O Pino | | 4.901 | | | | | | 4.901 |
| Touro | | 4.532 | | | | | | 4.532 |

Fonte: *IGE*

Ribeira, onde reside o 12,7% da poboación total da área funcional. Na área funcional só existe un concello, o de Santiago, con máis de 50.000 habitantes, situado no límite superior da franxa de poboación, con 92.919 habitantes (representa o 24% da poboación total da área funcional).

Para finaliza-la análise do territorio e demografía da área funcional de Santiago é importante estudar os **movementos migratorios**, ou cambios de residencia das persoas que se producen dentro dun territorio dado, tanto inmigracións como emigracións, interiores e exteriores rexistradas na área funcional a un de xaneiro de 2004 (último dato dispoñible).

O primero punto da análise fai referencia á inmigración, tanto interna como externa, entendendo por inmigración, para un ámbito xeográfico determinado, aquela migración con destino neste ámbito e orixe fóra do mesmo. Enténdese por inmigración interna as altas no Padrón de habitantes que se rexistran como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos españois, mentres que se consideran inmigración externa as altas no Padrón de habitantes que se rexistran en cada concello como consecuencia de novos residentes procedentes do estranxeiro.

Dentro da inmigración interior na área funcional de Santiago, tal como se mostra no **cadro 1.5.**, pode distinguirse a que provén da mesma provincia, doutra provincia galega ou doutra Comunidade Autónoma do Estado español. Na área funcional de Santiago o maior volume de inmigración interna corresponde aos movementos migratorios dentro da mesma provincia de orixe, que acadan en xaneiro de 2004 6.677 migracións, das que máis do 56% son movementos migratorios na comarca de Santiago.

Ao igual que acontece no conxunto provincial e galego, o número de movementos migratorios entre provincias galegas está por debaixo do volume de migracións procedentes doutra Comunidade Autónoma española. Estas últimas acadan na área funcional un total de 2.367 migracións no ano 2004, sendo a comarca con maiores altas no Padrón de habitantes de individuos procedentes doutras CC.AA. a de Santiago. con 1.047. De xeito similar ao conxunto de Galicia e na provincia de A Coruña, na área funcional de Santiago as comunidades de Canarias, Madrid e Cataluña, con 628, 388 e 305 altas, respectivamente, son a orixe máis habitual en canto a volume de inmigrantes internos procedentes doutra comunidade española (**cadro 1.6.**).

O **cadro 1.7.** mostra a idade e sexo dos inmigrantes internos con residencia nas comarcas que compoñen a área funcional de Santiago. Dos 10.736 inmigrantes internos na área a un de xaneiro de 2004, o 52,2% son mulleres e, polo tanto, o 47,8% restante, homes. No que respecta ás idades dos inmigrantes, o 46,5% dos mesmos teñen entre 30 e 65 anos, o 29,5% teñen entre 15 e 29 anos e só o 6,6% dos inmigrantes internos totais a un de xaneiro de 2004 nas dez comarcas da área funcional de Santiago tiñan máis de 65 anos.

Finalmente, no que respecta á inmigración na área funcional de Santiago, non existen datos do orixe dos inmigrantes externos, é dicir da nacionalidade dos inmigrantes que se dan de alta no Padrón de habitantes procedentes do estranxeiro. Sen embargo, o **cadro 1.8.** mostra o número, idade e sexo deste tipo de inmigrantes, destacando que a un de xaneiro de 2004 había no conxunto da área funcional un total de 2.508 inmigrantes externos, dos que o número de homes e mulleres é aproximadamente igual. O 78,8% do total está en idades comprendidas entre 15 e 64 anos.

No que respecta á emigración, os **cadros 1.9.**, **1.10.** e **1.11.** mostran o volume e características da emigración interior e exterior na área funcional de Santiago.

O **cadro 1.9.** mostra a emigración interior por Comunidade Autónoma de destino, destacando en primeiro lugar que, tal como se mostra no **cadro 1.5.**, das 10.804 emigracións tanto interiores como exteriores, o 75,5% tivo como destino a mesma ou outra provincia galega.

No que respecta á emigración con destino noutra C.A. do Estado español, destacan por volume

### *Movementos migratorios a 1 de xaneiro de 2004*

| | Inmigración | | | | Emigración | | | | Saldos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Interior | | | Exterior | Interior | | | Exterior | | |
| | Da mesma provincia | Doutra provincia galega | Doutra CCAA | Do Estranxeiro | Á mesma provincia | A outra provincia galega | A outra CCAA | Ao Estranxeiro | Interno | Externo |
| **Área funcional de Santiago** | 6.677 | 1.692 | 2.367 | 2.508 | 6.815 | 1.235 | 2.352 | 402 | 334 | 2106 |
| **Comarca de Muros** | 135 | 12 | 146 | 77 | 244 | 17 | 103 | 11 | -71 | 66 |
| Carnota | 53 | 2 | 49 | 35 | 82 | 2 | 35 | 8 | -15 | 27 |
| Muros | 82 | 10 | 97 | 42 | 162 | 15 | 68 | 3 | -56 | 39 |
| **Comarca de Noia** | 492 | 67 | 305 | 190 | 608 | 59 | 307 | 65 | -110 | 125 |
| Lousame | 63 | 7 | 30 | 10 | 74 | 14 | 18 | - | -6 | 10 |
| Noia | 271 | 22 | 149 | 107 | 213 | 19 | 135 | 19 | 75 | 88 |
| Outes | 68 | 10 | 37 | 63 | 171 | 12 | 55 | 28 | -123 | 35 |
| Porto do Son | 90 | 28 | 89 | 10 | 150 | 14 | 99 | 18 | -56 | -8 |
| **Comarca de Ordes** | 715 | 70 | 118 | 234 | 785 | 64 | 163 | 53 | -109 | 181 |
| Cerceda | 109 | 6 | 12 | 56 | 106 | 4 | 12 | 13 | 5 | 43 |
| Frades | 31 | 2 | 4 | 4 | 59 | - | 5 | 3 | -27 | 1 |
| Mesía | 31 | 1 | 1 | 5 | 67 | 2 | 6 | 1 | -42 | 4 |
| Ordes | 187 | 22 | 41 | 98 | 225 | 31 | 64 | 8 | -70 | 90 |
| Oroso | 269 | 37 | 56 | 40 | 160 | 25 | 62 | 5 | 115 | 35 |
| Tordoia | 46 | 1 | 4 | 9 | 94 | 2 | 7 | 19 | -52 | -10 |
| Trazo | 42 | 1 | - | 22 | 74 | - | 7 | 4 | -38 | 18 |
| **Comarca de Santiago** | 3.763 | 1.127 | 1.047 | 1.185 | 3.258 | 691 | 1.051 | 145 | 937 | 1040 |
| Ames | 1.120 | 248 | 229 | 215 | 663 | 131 | 191 | 23 | 612 | 192 |
| Boqueixón | 93 | 34 | 16 | 7 | 62 | 12 | 7 | 1 | 62 | 6 |
| Brión | 220 | 37 | 54 | 29 | 119 | 8 | 49 | 3 | 135 | 26 |
| Santiago | 1.663 | 681 | 606 | 812 | 1.909 | 435 | 684 | 97 | -78 | 715 |
| Teo | 547 | 102 | 116 | 81 | 333 | 73 | 89 | 9 | 270 | 72 |
| Val do Dubra | 44 | 1 | 8 | 25 | 81 | 7 | 16 | 7 | -51 | 18 |
| Vedra | 76 | 24 | 18 | 16 | 91 | 25 | 15 | 5 | -13 | 11 |
| **Comarca de O Sar** | 226 | 105 | 73 | 81 | 239 | 134 | 73 | 6 | -42 | 75 |
| Dobro | 26 | 10 | 15 | 21 | 49 | 24 | 12 | - | -34 | 21 |
| Padrón | 109 | 74 | 39 | 51 | 121 | 95 | 43 | 4 | -37 | 47 |
| Rois | 91 | 21 | 19 | 9 | 69 | 15 | 18 | 2 | 29 | 7 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 166 | 63 | 78 | 43 | 200 | 49 | 68 | 2 | -10 | 41 |
| Melide | 112 | 50 | 58 | 29 | 78 | 32 | 48 | - | 62 | 29 |
| Santiso | 14 | 10 | 11 | 8 | 54 | 8 | 11 | 1 | -38 | 7 |
| Sobrado | 26 | 2 | 7 | 5 | 47 | 7 | 7 | - | -26 | 5 |
| Toques | 14 | 1 | 2 | 1 | 21 | 2 | 2 | 1 | -8 | 0 |
| **Comarca de Xallas** | 144 | 8 | 48 | 130 | 253 | 12 | 82 | 17 | -147 | 113 |
| Mazaricos | 29 | 2 | 16 | 10 | 105 | 9 | 21 | - | -88 | 10 |
| Santa Comba | 115 | 6 | 32 | 120 | 148 | 3 | 61 | 17 | -59 | 103 |
| **Comarca de A Barcala** | 179 | 10 | 70 | 91 | 182 | 17 | 67 | 11 | -7 | 80 |
| A Baña | 56 | - | 15 | 21 | 85 | 6 | 23 | 7 | -43 | 14 |
| Negreira | 123 | 10 | 55 | 70 | 97 | 11 | 44 | 4 | 36 | 66 |
| **Comarca do Barbanza** | 657 | 193 | 406 | 437 | 731 | 153 | 379 | 79 | -7 | 358 |
| Boiro | 209 | 43 | 126 | 94 | 213 | 34 | 110 | 13 | 21 | 81 |
| Pobra do Caramiñal | 134 | 21 | 49 | 36 | 154 | 25 | 51 | 22 | -26 | 14 |
| Rianxo | 69 | 38 | 61 | 35 | 124 | 25 | 58 | - | -39 | 35 |
| Ribeira | 245 | 91 | 170 | 272 | 240 | 69 | 160 | 44 | 37 | 228 |
| **Comarca de Arzúa** | 200 | 37 | 76 | 40 | 315 | 39 | 59 | 13 | -100 | 27 |
| Arzúa | 67 | 13 | 33 | 12 | 91 | 18 | 21 | 1 | -17 | 11 |
| Boimorto | 43 | 6 | 4 | 10 | 48 | 5 | 7 | - | -7 | 10 |
| O Pino | 57 | 8 | 29 | 8 | 79 | 5 | 15 | 11 | -5 | -3 |
| Touro | 33 | 10 | 10 | 10 | 97 | 11 | 16 | 1 | -71 | 9 |
| **Total Provincia A Coruña** | 23.312 | 3.885 | 7.662 | 67 | 23.312 | 3.005 | 8.053 | 1.007 | 489 | -940 |
| **Total Galicia** | 46.903 | 10.409 | 18.331 | 19.366 | 46.903 | 10.409 | 20.208 | 2.437 | -1877 | 16929 |

Fonte: *INE; Atlas socio-económico de Galicia, caixanova*

**Cadro 1.5.**

### Inmigración interior por Comunidade Autónoma de procedencia

| | Andalucía | Aragón | Asturias | Baleares | Canarias | Cantabria | Castela e León | Castela-A Mancha | Cataluña | Comunidad Valenciana | Estremadura | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 118 | 52 | 81 | 155 | 628 | 39 | 160 | 33 | 305 | 125 | 20 | 8.369 |
| Comarca de Muros | 2 | - | 3 | 5 | 106 | - | 2 | - | 9 | - | - | 147 |
| Comarca de Noia | 16 | 4 | 14 | 41 | 123 | 2 | 9 | - | 28 | 14 | - | 559 |
| Comarca de Ordes | 8 | 2 | 8 | 3 | 10 | 2 | 6 | 2 | 23 | 5 | 7 | 785 |
| Comarca de Santiago | 65 | 29 | 39 | 47 | 191 | 27 | 104 | 27 | 144 | 56 | 5 | 4.890 |
| Comarca de O Sar | 4 | - | 2 | 4 | 18 | - | 6 | - | 13 | 6 | - | 331 |
| Comarca de Terra de Melide | 4 | - | 3 | - | 6 | 2 | 4 | - | 15 | 4 | - | 229 |
| Comarca de Xallas | 1 | - | - | 4 | 19 | - | 5 | - | 5 | 1 | - | 152 |
| Comarca de A Barcala | 4 | - | 2 | 2 | 21 | 2 | 2 | - | 18 | 9 | - | 189 |
| Comarca do Barbanza | 12 | 11 | 8 | 49 | 124 | 3 | 17 | 3 | 37 | 23 | 8 | 850 |
| Comarca de Arzúa | 2 | 6 | 2 | - | 10 | 1 | 5 | 1 | 13 | 7 | - | 237 |
| **Total Provincia A Coruña** | 696 | 139 | 381 | 436 | 1.520 | 108 | 609 | 158 | 871 | 400 | 78 | 27.197 |
| **Total Galicia** | 1.370 | 292 | 1.075 | 895 | 3.408 | 220 | 1.685 | 352 | 2.589 | 967 | 180 | 43.989 |

| | Madrid | Murcia | Navarra | Pais Vasco | A Rioxa | Ceuta | Melilla |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 388 | 20 | 20 | 194 | 18 | 3 | 8 |
| Comarca de Muros | 10 | 6 | - | 3 | - | - | - |
| Comarca de Noia | 29 | - | 2 | 21 | 2 | - | - |
| Comarca de Ordes | 24 | 2 | - | 8 | 8 | - | - |
| Comarca de Santiago | 230 | 5 | 14 | 54 | 6 | 3 | 1 |
| Comarca de O Sar | 12 | 1 | 1 | 6 | - | - | - |
| Comarca de Terra de Melide | 8 | - | - | 32 | - | - | - |
| Comarca de Xallas | 13 | - | - | - | - | - | - |
| Comarca de A Barcala | 5 | - | - | 5 | - | - | - |
| Comarca do Barbanza | 55 | 5 | 3 | 40 | 1 | - | 7 |
| Comarca de Arzúa | 2 | 1 | - | 25 | 1 | - | - |
| **Total Provincia A Coruña** | 1.466 | 179 | 74 | 445 | 61 | 17 | 24 |
| **Total Galicia** | 3.397 | 299 | 207 | 1.160 | 135 | 48 | 52 |

Fonte: *Caixanova*, *Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 1.6.**

*Inmigración interior por idade e sexo*

| | Total | Sexo: Homes | Sexo: Mulleres | Idade: 0-14 anos | Idade: 15-29 anos | Idade: 30-64 anos | Idade: 65 e máis anos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 10.736 | 5.128 | 5.608 | 1.667 | 3.171 | 4.990 | 708 |
| **Comarca de Muros** | 293 | 141 | 152 | 38 | 96 | 134 | 25 |
| **Comarca de Noia** | 864 | 411 | 453 | 139 | 279 | 179 | 67 |
| **Comarca de Ordes** | 903 | 430 | 473 | 91 | 322 | 433 | 57 |
| **Comarca de Santiago** | 5.937 | 2.785 | 3.152 | 1.013 | 1.590 | 3.001 | 333 |
| **Comarca de O Sar** | 404 | 200 | 204 | 60 | 143 | 163 | 38 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 307 | 147 | 160 | 45 | 87 | 136 | 39 |
| **Comarca de Xallas** | 200 | 102 | 98 | 26 | 82 | 83 | 9 |
| **Comarca de A Barcala** | 259 | 129 | 130 | 37 | 68 | 132 | 22 |
| **Comarca do Barbanza** | 1.256 | 635 | 621 | 192 | 402 | 590 | 72 |
| **Comarca de Arzúa** | 313 | 148 | 165 | 26 | 102 | 139 | 46 |
| **Total Provincia A Coruña** | 34.859 | 16.926 | 17.933 | 5.427 | 10.147 | 16.782 | 2.503 |
| **Total Galicia** | 75.643 | 37.194 | 38.449 | 11.162 | 21.849 | 35.886 | 6.746 |

Fonte: *Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 1.7.**

*Inmigración exterior por idade e sexo*

| | Total | Sexo: Homes | Sexo: Mulleres | Idade: 0-14 anos | Idade: 15-29 anos | Idade: 30-64 anos | Idade: 65 e máis anos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 2.508 | 1.225 | 1.283 | 337 | 779 | 1.196 | 196 |
| **Comarca de Muros** | 77 | 36 | 41 | 10 | 17 | 44 | 6 |
| **Comarca de Noia** | 190 | 93 | 97 | 30 | 38 | 104 | 18 |
| **Comarca de Ordes** | 234 | 107 | 127 | 36 | 55 | 121 | 22 |
| **Comarca de Santiago** | 1.185 | 548 | 637 | 159 | 462 | 494 | 70 |
| **Comarca de O Sar** | 81 | 38 | 43 | 15 | 18 | 42 | 6 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 43 | 26 | 17 | 4 | 10 | 26 | 3 |
| **Comarca de Xallas** | 130 | 76 | 54 | 21 | 31 | 73 | 5 |
| **Comarca de A Barcala** | 91 | 46 | 45 | 13 | 16 | 47 | 15 |
| **Comarca do Barbanza** | 437 | 234 | 203 | 47 | 123 | 220 | 47 |
| **Comarca de Arzúa** | 40 | 21 | 19 | 2 | 9 | 25 | 4 |
| **Total Provincia A Coruña** | 7.686 | 3.725 | 3.961 | 1.017 | 2.419 | 3.608 | 642 |
| **Total Galicia** | 19.366 | 9.708 | 9.658 | 2.738 | 6.044 | 8.942 | 1.615 |

Fonte: *Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 1.8.**

Cadro 1.9.

*Emigración interior por Comunidade Autónoma de destino*

| | Andalucía | Aragón | Asturias | Baleares | Canarias | Cantabria | Castela e León | Castela- A Mancha | Cataluña | Comunidad Valenciana | Estremadura | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 167 | 31 | 81 | 171 | 667 | 27 | 107 | 27 | 365 | 158 | 19 | 8.050 |
| **Comarca de Muros** | 6 | - | 4 | 5 | 46 | 2 | - | 2 | 16 | 3 | - | 261 |
| **Comarca de Noia** | 26 | 7 | 8 | 19 | 133 | - | 9 | 3 | 28 | 11 | 6 | 667 |
| **Comarca de Ordes** | 12 | 1 | 8 | 2 | 38 | 1 | 12 | 7 | 39 | 19 | 2 | 849 |
| **Comarca de Santiago** | 78 | 16 | 42 | 81 | 268 | 14 | 45 | 11 | 162 | 78 | 11 | 3.949 |
| **Comarca de O Sar** | 1 | 2 | 1 | 4 | 22 | - | 13 | 1 | 9 | 11 | - | 373 |
| **Comarca de Terra de Melide** | - | - | 2 | 1 | 9 | 2 | 5 | - | 12 | 2 | - | 249 |
| **Comarca de Xallas** | 6 | - | 1 | 17 | 18 | - | 4 | - | 20 | 4 | - | 265 |
| **Comarca de A Barcala** | 2 | - | - | 7 | 20 | 1 | 2 | - | 15 | 2 | - | 199 |
| **Comarca do Barbanza** | 33 | 5 | 13 | 32 | 106 | 4 | 15 | 3 | 52 | 27 | - | 884 |
| **Comarca de Arzúa** | 3 | - | 2 | 3 | 7 | 3 | 2 | - | 12 | 1 | - | 354 |
| **Total Provincia A Coruña** | 791 | 155 | 336 | 477 | 1.818 | 114 | 446 | 144 | 1.107 | 622 | 58 | 26.317 |
| **Total Galicia** | 1.747 | 387 | 995 | 1.071 | 4.168 | 264 | 1.371 | 401 | 2.905 | 1.644 | 191 | 57.312 |

| | Madrid | Murcia | Navarra | Pais Vasco | A Rioxa | Ceuta | Melilla |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de Santiago** | 242 | 30 | 24 | 160 | 19 | 2 | 7 |
| **Comarca de Muros** | 6 | 1 | - | 8 | 1 | - | 1 |
| **Comarca de Noia** | 25 | 5 | 1 | 21 | 1 | - | - |
| **Comarca de Ordes** | 4 | 2 | 1 | 10 | 3 | - | - |
| **Comarca de Santiago** | 145 | 7 | 5 | 49 | 8 | 2 | 3 |
| **Comarca de O Sar** | 4 | 1 | 2 | 1 | - | - | - |
| **Comarca de Terra de Melide** | 2 | - | - | 32 | 1 | - | - |
| **Comarca de Xallas** | 8 | - | 2 | 1 | - | - | - |
| **Comarca de A Barcala** | 8 | - | 3 | 7 | - | - | - |
| **Comarca do Barbanza** | 40 | 12 | 4 | 18 | 1 | - | 3 |
| **Comarca de Arzúa** | - | 2 | 6 | 13 | 4 | - | - |
| **Total Provincia A Coruña** | 1.062 | 200 | 75 | 370 | 48 | 12 | 29 |
| **Total Galicia** | 2.713 | 396 | 193 | 999 | 148 | 31 | 43 |

Fonte: *Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia*

*Emigración interior por idade e sexo*

| | Sexo | | | Idade | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | 0-14 anos | 15-29 anos | 30-64 anos | 65 e máis anos |
| **Área funcional de Santiago** | 10.402 | 5.029 | 5.373 | 1.602 | 3.334 | 4.808 | 658 |
| **Comarca de Muros** | 364 | 174 | 190 | 55 | 139 | 152 | 18 |
| **Comarca de Noia** | 974 | 498 | 476 | 159 | 341 | 404 | 70 |
| **Comarca de Ordes** | 1.012 | 480 | 532 | 135 | 357 | 459 | 61 |
| **Comarca de Santiago** | 5.000 | 2.395 | 2.605 | 857 | 1.434 | 2.444 | 265 |
| **Comarca de O Sar** | 446 | 214 | 232 | 49 | 164 | 198 | 35 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 317 | 151 | 166 | 37 | 100 | 132 | 48 |
| **Comarca de Xallas** | 347 | 158 | 189 | 47 | 122 | 158 | 20 |
| **Comarca de A Barcala** | 266 | 127 | 139 | 24 | 97 | 123 | 22 |
| **Comarca do Barbanza** | 1.263 | 631 | 632 | 188 | 455 | 539 | 81 |
| **Comarca de Arzúa** | 413 | 201 | 212 | 51 | 125 | 199 | 38 |
| **Total Provincia A Coruña** | 34.370 | 16.839 | 17.531 | 5.253 | 10.668 | 16.162 | 2.287 |
| **Total Galicia** | 77.520 | 38.208 | 39.312 | 11.001 | 24.089 | 36.020 | 6.410 |

Fonte: *Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 1.10.**

*Emigración exterior por idade e sexo*

| | Sexo | | | Idade | | | | Saldo migratorio | Taxa de migración |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | 0-14 anos | 15-29 anos | 30-64 anos | 65 e máis anos | | |
| **Área funcional de Santiago** | 402 | 213 | 189 | 10 | 126 | 231 | 35 | 2.440 | 6 |
| **Comarca de Muros** | 11 | 5 | 6 | - | 2 | 7 | 2 | -5 | -0 |
| **Comarca de Noia** | 65 | 32 | 33 | 2 | 25 | 36 | 2 | 15 | 0 |
| **Comarca de Ordes** | 53 | 28 | 25 | 1 | 15 | 27 | 10 | 72 | 2 |
| **Comarca de Santiago** | 145 | 75 | 70 | 1 | 44 | 91 | 9 | 1.977 | 13 |
| **Comarca de O Sar** | 6 | 1 | 5 | - | 2 | 3 | 1 | 33 | 2 |
| **Comarca de Terra de Melide** | 2 | 1 | 1 | - | - | 1 | 1 | 31 | 2 |
| **Comarca de Xallas** | 17 | 10 | 7 | - | 8 | 7 | 2 | -34 | -2 |
| **Comarca de A Barcala** | 11 | 7 | 4 | - | 5 | 5 | 1 | 73 | 6 |
| **Comarca do Barbanza** | 79 | 47 | 32 | 2 | 24 | 48 | 5 | 351 | 5 |
| **Comarca de Arzúa** | 13 | 7 | 6 | 4 | 1 | 6 | 2 | -73 | -4 |
| **Total Provincia A Coruña** | 1.007 | 520 | 487 | 39 | 328 | 553 | 87 | 7.168 | 6 |
| **Total Galicia** | 2.437 | 1.267 | 1.170 | 129 | 759 | 1.305 | 244 | 15.052 | 5 |

Fonte: *Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 1.11.**

de emigracións as CC.AA. de Canarias, Cataluña e Madrid, con 667, 365 e 242 emigracións, respectivamente. A nivel comarcal, dentro da área funcional a comarca cun maior volume de emigracións cara a unha C.A. española distinta da galega é a de Santiago.

En relación ás idade dos emigrantes internos da área funcional , o **cadro 1.10.** mostra como existe igualdade no sexo e que o 46,3% dos emigrantes internos que deixan a área funcional en idades comprendidas entre 30 e 64 anos.

A emigración externa con destino en países estranxeiros é de 402 emigrantes e, como se mostra no **cadro 1.11.**, o 57,5% dos mesmos teñen entre 30 e 64 anos.

Para rematar, analízase o saldo migratorio e a taxa de migración da área funcional de Santiago, entendendo por saldo migratorio o resultante de restar aos dous tipo de inmigración (interna e externa) os dous tipos de emigración (interna e externa). O saldo migratorio da área funcional en xaneiro de 2004 foi de 2.440 individuos. Por outra banda, a taxa de migración é o saldo migratorio relativizado polo total de poboación a un de xaneiro de 2004 multiplicado por 1.000: esta taxa é de 6,34 por mil no conxunto da área funcional, aproximadamente igual que a taxa existente para a provincia de A Coruña (6,39) e superior a taxa media galega (5,47) no citado ano. ■